

Acta IV Asemblea Xeral da MAREA PONTEVEDRA
Xoves 11 de decembro de 2014 na Casa Parroquial dos Praceres

Previamente a IV asemblea a Marea celebra unha asemblea aberta con 23 veciños de Os Praceres para tratar a súa problemática.

Notas do encontro coa veciñanza:

Salario de 10 días a finais dos 80'-90' 3.000 euros, unha mariscadora.

Salario actual 30 días 500 euros. A minoración da renda feminina foi drástica e rápida

Eladio fai unha presentación da represión militar el policial da parroquia. Se fala da reunión do que necesitamos na parroquia. Dáse as grazas a Marea Pontevedra.

Qué necesita Lourizán?

Guillermo: Recabar apoios e o programa saia das petición da xente e das asembleas populares. Luís explica a base do programa que temos por agora.

Pregunta dunha mariscadora ¿Quén sodes politicamente? Somos persoas individuais que queremos dar protagonismo a xente. Ponse por diante a idea de emerxencia social. Non somos partidistas ou sectarios. Unión de todos os que estamos pola mesma. Primeiro unión dos iguais.

Luís Rei: Cooperativa de participación cidadá, horizontal, deliberativa e decisoria: Proceso de primarias, os que se apunten. Non é unha plataforma partidaria nin o contrario. Se pide un cambio de goberno municipal.

Puntos fortes

- participación
- emerxencia social (crise do cambio social económico e político)
- Novo código ético para combater a corrupción e a opacidade.Caso Monago e confluencia de PP-Psoe.
- Concello coas portas e as ventás. Iniciativas Populares. Orzamentos participativos. Non ó delegacionismo. Presenza constante dos cidadáns. Fiscalizar as contratacións no concello. Evitar que se contrate con empresas castigadas pola corrupción. Fiscalizar durante a execución.
- Retribucións dos concelleiros e o Concello.
- Acceso a vivenda digna: bolsa social de vivendas de titularidade pública: parados de longa duración. Oficina de mediación para facilitar fórmulas que permitan a cobertura dos máis vulnerables.
- Apostamos por Montecelo non Monte Carrasco. Non a xestión privada. 100. millóns empregados.
- Observatorio social da cidadanía en cuestión de xénero e pobreza.

- As cifras negativas da Cidade de Pontevedra. Bonos de comida e alimentación.
- O compromiso co rural. Cambio de Pontevedra cara A e cara B. Mudar o 10% do centro de Pontevedra. Traída de augas, saneamento (alcaldía de Pedrosa) Tratamento dos residuos. Transporte público, traballo coas concesións.
- Pxoim e Mosquera. Crecemento discrecional da cidade.
- Remunicipalizar o servizo de auga. Viaqua.

Observación dos veciños dos Praceres: saneamento. Colector por riba do mar. EDAR sen concesión administrativa. Microdepuradoras como solución xusta e equitativa. EDAR tocada porque no 2015 debe saír de aí.

A praia de marisqueo é zona C por contaminación de fecais. As pluviais derivadas as fecais desfeita da disciplina urbanística.

Bora necesitaría moitos cartos para unha depuradora. Falla nas depuradora EDAR Pontevedra. Capacidade de tamponamento.

Mariscadoras: 800 persoas en Lourizán e agora son menos de 100. 1981 1100. Redución de renda no marisqueo. 200 euros nun día. Agora son 40 euros. No mes de novembro no alcanzou para pagar a Seguridade Social. O recheo do porto cortou as correntes que alimentaban os bancos marisqueiros.

Media praia está en zona C, e despois hai uns areais moi grandes. Os dragados de Celulosas. Necesidade de recuperar el marisqueo. Sustentabilidade. Recuperar a dinámica litoral da Ría.

Mariscadoras que si tiñan a súa vida e alimentaban ás súas familias.

En Lourizán non hai lista do INEM, ás mariscadoras e os mariñeiros non cotizan en bolsa.

A zona C non é mariscable, pero as veces si o deixan...e vai o mercado.

5000 persoas en Lourizán (3700)

A compostaxe e as dúbidas que esperta. (Proxecto Louzán-Lores)

As macrodepuradoras. Acábasenos o tempo.

Responsabilidade de cada barrio...microproxectos.

Os recheos son un problema medioambiental.

Agora nos sinalan como que queremos estropear 400 postos de traballo de 600 euros.

Bolsa de solo 400000 metros cadrados privados que queren enladrillar la costa.

Xentrificación de Tafisa e Ence.

El Concello non se personou contra Ence...terreno demanial o sexa que no se poda utilizar para especulación urbanística.

O medio de vida de 3000 persoas vivían da natureza.

Represión nos anos 60 e as mulleres foron sacadas pola infantería de Mariña. 16 detidas e enviadas a Ferrol.

Espazo natural arqueolóxico de 7 camiños (Lucas e Eladio)...Alternativa. Necesidade de apoio económico.

Pesca en fresco no porto...agora desapareceron. Os bares estaban abertos 24 horas. En Ribeira hai centos de persoas traballando...¿En Marín?

Os novos e a necesidade de coñecer os proxectos e o desenvolvemento sostible.

¿Cántas opcións podemos abrir?

Modificacións brutais da contorna marítima e terrestre.

Unha fábrica da de comer 50 anos...a natureza miles de anos.

Nin pasos de cebra, nin lombos...o paso a nivel....Camiños escolares?

O tren pasa as horas que lle peta...non como se dixo a horas tardías.

Inclusión do programa da marea:

- Ence no 2018. Pedir que se remate a concesión. E recuperación do límite marítimo terrestre. Sentencia TS.
- Depuradoras no macromodelo, senón micromodelos.
- Recheos do porto e o tren.
- A planta de compostaxe, consensuada dos veciños, que de servizo a comarca. Sen ocultacións.
- Os consellos parroquiais. Precísase máis operatividade

O documento de agravios e necesidades da marea.

Non creo nos intermediarios.

Só quedamos nós.

Imposibilidade de entrar en coñecemento das accións ilegais o corruptas de la Autoridade Portuaria.

Tema penal...non temos pasta.

A xustiza como única solución que encontraron estas persoas que loitaron durante 12 anos.

Pola **xuntanza coa veciñanza de Os Praceres** para presentar a Marea e escoitar as súas propostas iniciase con moito atraso a IV Asemblea (22:30 horas) coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación se procede da acta anterior.
2. Ratificación da Base Programática da Marea
3. Renovación parcial da Coordinadora (cubriendo os postos aprobados na anterior asemblea)
4. Asuntos Varios:
 - Seguimento da folia de ruta
 - Calendario de actos de barrio e sectoriais.

ACORDOS:

Debido ao atraso no comezo so da tempo a tratar o segundo punto.

Aceptación e inclusión no programa das reivindicacións da asemblea dos Praceres:

1. Cumprimento da sentenza dos recheos no Porto polo efecto pernicioso sobre as correntes que alimentan e osixenan a ría.
2. Cumprimento da sentenza que condena a Xunta a levantar a vía férrea que tronza a praza dos praceres a metade. Mº de Fomento. Soterramentos
3. Celulosas fora da ría. Recuperación da liña de costa e reversión ó estado inicial.
4. EDAR que precisa revisión e ser descargado de aportacions. MicroEDARES como solución. Non bombear 5 veces as fecais dende Bora.
5. Os terreos liberados deberán ser protexidos da especulación "sanxenxina". Dementiales.

Tamén se acorda a inclusión no programa as achegas de Mariquiña, en referencia a cuestións de saúde preventiva e comunitaria.

Asemade quedan aprobadas as propostas de recomposición e incremento dos membros da Coordinadora.

Acordase convocar unha nova asemblea en poucos días para rematar os temas desta.

Secretario de actas: José A. Ramírez